

## BASES DO CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL 2022

O departamento de Cultura do Concello de Vedra propón a edición do concurso de tarxetas de nadal 2022.

**CONCURSANTES:** Poderán participar todas as persoas empadroadas ou escolarizadas neste concello nas idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos, coas seguintes CATEGORÍAS:

- **Categoría A: Infantil de 0 a 3 anos**  
(persoas nadas entre 2020 - 2022)

- **Categoría B: 1º E 2º DE PRIMARIA**  
(persoas nadas 2016 -2015)

-**Categoría A: Infantil de 3 a 6 anos**  
(persoas nadas en 2017 -2019)

- **Categoría C: 3º E 4º DE PRIMARIA**  
(persoas nadas en 2014 - 2013)

- **Categoría D: 5º E 6º DE PRIMARIA**  
(persoas nadas en 2012 – 2011)

**PREMIOS:** Cada concursante obterá un agasallo de participación do que faremos entrega presencial nun acto incluído na programación de nadal.

\* Haberá un premio ao mellor traballo en cada categoría.

\* De entre todos os traballos recibidos un xurado elixirá a tarxeta que se empregará como felicitación oficial do Concello de Vedra no Nadal de 2022.

**CONDICIÓNS:** As tarxetas enviaranse en versión dixitalizada (escaneada, fotografada...) en formato jpg ao seguinte enderezo electrónico.gal Todas as tarxetas terán as seguintes dimensións de 15 x 21 cm (Din A5/ medio folio)

**ACEPTACIÓN DAS BASES:** O concello de Vedra reservase o dereito de resolver, como considere oportuno, cantas cuestións poidan xurdir da aplicación das presentes bases.

A participación neste concurso implica a aceptación das bases e o dereito de imaxe para a entidade organizadora, que fará difusión dos mesmos.

**PRAZO DE ENTREGA:** As tarxetas deberán enviarse ATA O 2 DE DECEMBRO ás 00:00 horas ao correo electrónico [cultura@concellodevedra.gal](mailto:cultura@concellodevedra.gal) ou entregarse no departamento de cultura antes das 14 horas desa mesma data.

**TODA A INFORMACIÓN E BASES Á TÚA DISPOSICIÓN:**

Na web municipal [www.concellodevedra.gal](http://www.concellodevedra.gal) ou no teléfono: 981 814 691

